

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia considera o anteproxecto da Lei do aborto un grave factor de risco para a vida da muller

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2014.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) constata que a modificación da Lei do aborto que recolle o anteproxecto presentado en decembro de 2013 polo Goberno do Estado español constitúe un grave factor de risco para a vida da muller e unha conculcación dos seus dereitos individuais, polo que manifesta a súa completa oposición ao texto e solicita manter a vixencia da actual lei de prazos de 2010.

Este anteproxecto da Lei de Interrupción Voluntaria do Embarazo implica un terrible retroceso na igualdade e na liberdade das mulleres e vai en contra das recomendacións sanitarias internacionais nesta materia. Así, a Organización Mundial da Saúde indicaba en 2012 que a eliminación das restricións sobre o aborto repercutía na redución da mortalidade materna causada polas prácticas abortivas inseguras e, polo tanto, supón unha diminución no nivel de mortalidade materna.

Cambiar a lexislación a unha lei de supostos como a que se está a contemplar terá graves consecuencias para a muller. Por unha banda, perde o dereito a decidir sobre o seu propio corpo e a súa vida, e pasa a estar nas mans dos e das profesionais da saúde mental. O aborto é unha decisión que debe ser estritamente tomada pola muller, e non por iso debe ser considerada como unha enferma mental.

Esta lei contempla a muller como un ser inmaduro que non ten capacidade para decidir pero tampouco para ser responsables do aborto se é considerado ilegal. Se finalmente a interrupción non entra dentro dos supostos que recolle a lei (que sexa un embarazo froito dunha violación denunciada ou que a nai poida sufrir danos físicos ou psíquicos duradeiros ou permanentes, aínda que parece que se van incluír unha lista de malformacións graves incompatibles coa vida), serían os especialistas que asinaran os informes as persoas que terían que responder diante da xustiza; a muller non é xuridicamente punible.

Así pois, no caso de alegar un dano psíquico, a muller cargará co estigma de ser definida como unha enferma mental duradeira no tempo ou mesmo permanente, o que pode ter consecuencias noutros aspectos da vida, como por exemplo, nun conflito pola custodia dos fillos ou en circunstancias legais onde poida verse incapacitada. Cómpre ter en conta que durante a vixencia da lei de 1985, tamén de supostos, o 96,77% das mulleres que abortaban facían polo suposto de risco psíquico para a nai. En cambio, coa lei de 2010, na que non se argumentaban razóns, 9 de cada 10 mulleres abortaron fixérono por decisión propia, e apenas o 7,3% o fixo por risco para a saúde. Isto fai previsible que se este anteproxecto de lei entra en vigor, a “enfermidade mental” repuntará como causa na maioría das interrupcións voluntarias do embarazo.

Acentuaranse as desigualdades, co que as mulleres que contan con recursos económicos poderán acceder a clínicas privadas ou a centros no estranxeiro e exercer o seu dereito en condicións de saúde dignas, mentres que as que non dispoñan deses recursos ou estean en situación de exclusión social, verán como administrativamente se eternizan os prazos, recorrerán a prácticas abortivas inseguras ou levarán adiante un embarazo non desexado.

Ademais, as condicións esixidas para practicar esa interrupción do embarazo, de acordo co texto presentado en decembro de 2013, inducen a desconfiar da competencia dos propios e propias profesionais por parte da Administración, xa que esixe dous informes médicos recoñecendo o risco para a saúde física ou psíquica da paciente de xeito duradeiro ou permanente, e ningún deses ou desas profesionais pode pertencer ao mesmo centro clínico onde se practicaría o aborto nin ser o ou a especialista que o executaría. Todo un exercicio de retorcedura legal para asegurar un aval que non se solicita para ningún outro proceso sanitario, o que deixa unha vez máis á muller como unha persoa incapacitada e aos e ás profesionais, desautorizados e diante dun dilema ético: sinalar un problema mental que non existe para non abandonar a muller e que poida abortar.

Os e as profesionais da saúde mental non queremos ser xuíces nin titores das mulleres, non debemos exercer a nosa moral nin decidir sobre os dereitos das persoas. É por iso que lamentamos o retroceso lexislativo que supón a lei que pretende levar adiante este goberno, curiosamente denominada como “Lei Orgánica de protección da vida do concibido e dereitos da muller embarazada”, e esiximos a súa retirada desde o COPG e manter a actual Lei de 2010, que establece prazos e non supostos.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es